



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a investigación del estado de los bidones con material radiactivo situados en aguas internacionales frente a la costa gallega.**

En 2025 dio comienzo una misión francesa de investigación del buque oceanográfico L'Atalante, impulsada por el Centre National de La Recherche Scientifique (CNRS), para la inspección de las zonas en las que fueron abandonados incontables bidones con material radiactivo de distinto tipo en la Fosa Atlántica, a una distancia de entre 400 y 700 kilómetros de la costa gallega, procedentes de distintos países como Reino Unido, Bélgica, Francia, Países Bajos, Suecia, Alemania, Suiza e Italia.

El operativo científico francés localizó más de un millar de bidones depositados desde hace décadas en el fondo marino en la primera parte de la misión para cartografiar la ubicación de los bidones. La misión pilotada por el Estado francés denominada "Proyecto Nodssum" continúa este año con una segunda fase, centrada ya en una actuación más próxima a los residuos, en la que se realizarán observaciones directas.

El intenso seguimiento que mantiene el Estado francés contrasta con la inactividad del Estado español que no muestra interés en comprobar la situación de unos residuos que pueden tener consecuencias directas en las aguas de Galicia. Sería preciso, pues, una actitud proactiva para conocer el estado de los bidones y poder descartar o prevenir impactos en el medio marino. Algo que perfectamente podría haber impulsado a través del CSIC o de otros organismos públicos de investigación, o incluso proponer líneas de colaboración con Francia en su investigación.

En su respuesta por escrito al BNG de septiembre pasado, el Ejecutivo eludió dar una respuesta directa sobre la posibilidad de iniciar una investigación propia sobre los residuos radiactivos en la Fosa Atlántica, y se limitó a escudarse en lo contemplado en el Tratado Euratom, dentro del ámbito comunitario, según el cual los Estados miembros son solo responsables de controlar de forma permanente el índice de radiactividad en sus aguas territoriales, señalando que la Comisión Europea, en 2021, realizó una misión de verificación que concluyó que las capacidades y las instalaciones para la vigilancia



radiológica ambiental en la costa de Galicia y Cantabria a nivel estatal son adecuadas para sus objetivos.

Sin embargo, las preguntas formuladas en aquel momento y que vuelven a reiterarse ahora se refieren a las actividades realizadas por el Gobierno español para el seguimiento y control de los bidones y residuos depositados en aguas internacionales, aunque próximos a la costa de Galicia.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Mantuvo el Gobierno algún intercambio con el Gobierno francés para interesarse por los resultados de la primera fase de la misión realizada por el buque oceanográfico L'Atalante, que impulsa el Centre National de La Recherche Scientifique (CNRS), con el objetivo de llevar a cabo una investigación e inspección de las zonas donde se arrojaron los bidones con material radioactivo en la Fosa Atlántica?
2. ¿Valoró el Gobierno establecer canales de colaboración con la misión enviada por el Estado francés, que ahora iniciará su segunda fase, y colaborar en esta inspección científica? ¿Se interesará el Gobierno por los nuevos resultados de la investigación?
3. ¿Qué disposición tiene para impulsar una inspección propia, bien a través del CSIC, bien a través del CSN, para hacer un seguimiento periódico del estado de estos bidones, así como para diseñar una estrategia para su aseguramiento?
4. ¿Ha realizado o tiene previsto realizar algún plan de forma unilateral o en colaboración con los organismos internacionales competentes, para la eliminación de los vertidos?

En Madrid, a 19 de mayo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

19 MAY. 2026 11:44:03

Entrada **114935**

Seguimento dos bidóns radioativos da Foxa Atlántica en augas internacionais fronte á costa galega

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á investigación do estado dos bidóns con material radioactivo situados fronte á costa galega en augas internacionais.**

En 2025 deu comezo unha misión francesa de investigación do buque oceanográfico L'Atalante, impulsada polo Centre National de La Recherche Scientifique (CNRS), para a inspección das zonas en que foron abandonados incontábeis bidóns con material radioactivo de diferente clase na Foxa Atlántica, a unha distancia de entre 400 e 700 quilómetros da costa galega, procedentes de distintos países como Reino Unido, Bélxica, Francia, os Países Baixos, Suecia, Alemaña, Suíza e Italia.

O operativo científico francés localizou máis dun millar de bidóns depositados desde hai décadas no fondo mariño na primeira parte da misión para cartografiar a ubicación dos bidóns. A misión pilotada polo Estado francés denominada “Proxecto Nodssum” continúa neste ano cunha segunda fase, centrada na nunha actuación máis próxima aos residuos en que serán realizadas observacións directas.

O intenso seguimento que mantén o Estado francés contrasta coa inactividade do Estado español que non mostra interese en comprobar a situación duns residuos que poden ter consecuencias directas nas augas da Galiza. Sería preciso pois, unha actitude proactiva para coñecer o estado dos bidóns e poder

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

19 MAY. 2026 11:44:03

Entrada **114935**



descartar ou previr impactos no medio mariño. Algo que perfectamente podería ter impulsado a través do CSIC ou doutros organismos públicos de investigación, ou mesmo propor liñas de colaboración con Francia na súa investigación.

Na súa resposta por escrito ao BNG de setembro pasado, o Executivo eludiu dar unha resposta directa á posibilidade de iniciar unha investigación propia sobre os residuos radioactivos na Foxa Atlántica, e limitouse a escudarse contemplado no Tratado Euratom, dentro do ámbito comunitario, pola que os Estados membros son só responsábeis de controlar de forma permanente o índice de radioactividade nas súas augas territoriais, sinalando que a Comisión Europea, no ano 2021, fixo unha misión de verificación que concluíu que as capacidades e as instalacións para a vixilancia radiolóxica ambiental na cosa da Galiza e Cantabria a nivel estatal, son adecuadas para os seus obxectivos.

Porén, as pregunta formuladas naquela altura e que volver reiterarse agora, son referidas as actividades realizadas polo Goberno español para o seguimento e control dos bidóns e residuos depositados en augas internacionais, aínda que próximos á costa da Galiza.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Mantivo o Goberno algún intercambio co Goberno francés para interesarse polos resultados da primeira fase da misión realizada polo buque oceanográfico L'Atalante, que impulsa o Centre National de La Recherche Scientifique(CNRS), co obxectivo de levar a cabo unha investigación e inspección das zonas onde se arroxaron os bidóns con material radioactivo na Foxa Atlántica?
2. Valorou o Goberno establecer canles de colaboración coa misión iniciada do Estado francés, que agora iniciará a súa segunda fase, e colaborar



nesta inspección científica? Interesarase o Goberno polos novos resultados da investigación?

3. Que disposición ten a impulsar unha inspección propia, ben a través do CSIC, ben a través do CSN, para facer un seguimento periódico do estado destes bidóns, así como a deseñar unha estratexia para o seu aseguramento?
4. Realizou ou ten previsto realizar algún plan de forma unilateral ou en colaboración cos organismos internacionais competentes, para a eliminación dos vertidos?

Madrid, a 19 de maio de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso